Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A situación da pediatría na provincia de Ourense está baixo mínimos. Foron moitas as persoas que avisaron dende fai tempo da necesidade de poñer solución a un problema que solo podía agravarse.

O propio xefe de Servizo de pediatría do CHUO está a recoñecer que polo menos son aprazadas 1.200 consultas por sobrecarga de traballo. Os 23 facultativos que existen en pediatría non están todos operativos, pois as baixas ou excedencias non son cubertas.

O problema corresponde principalmente a unha falta de previsión e planificación na cobertura das e dos profesionais, porque a situación non colle por sorpresa a ninguén. Un exemplo da mala xestión é o que está a suceder coa pediatría no hospital de Verín, no que o único pediatra tivo que prorrogar ata tres veces a súa xubilación, véndose obrigado a facer ata 28 gardas ao mes, traballando tamén na Atención Primaria.

A Atención Primaria e os Hospitais comarcais como Verín ou o Barco son os servizos máis castigados, aínda que incluso a especialidade pediátrica no propio CHUO, sufriu unha redución nos seus servizos cando foi eliminada do mesmo a cirurxía pediátrica.

Esta situación provoca unha falta de calidade na asistencia sanitaria, concretamente na atención pediátrica da provincia de Ourense, pero tamén ocasiona unha situación de sobrecarga de traballo para as e os profesionais que



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

en algúns casos están tendo que acudir á xustiza que está condenando ao Sergas pola súa política laboral, marcada por unha alta precariedade.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda pregunta:

- Que medidas va a tomar para solucionar os problemas que se están denunciando tanto en asistencia sanitaria como en política laboral?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/11/2019 12:33:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Na madrugada do 14 de outubro de 2019 faleceu unha persoa en Dozón por causa dunha insuficiencia cardíaca no curso dunha espera por unha ambulancia que tardou máis de 50 minutos en chegar.

Deuse a circunstancia de que nese momento os dous vehículos con base na comarca estaban atendendo outros servizos: a ambulancia de Lalín en Agolada e a de Silleda nese propio concello.

A comarca do Deza ten déficit en canto a ambulancias de soporte vital avanzado, pois conta cun vehículo en Silleda e outro en Lalín. Trátase dunha comarca moi extensa, con gran dispersión e avellentamento demográfico.

No mes de xullo de 2019, o Pleno do Concello de Lalín aprobou unha moción na que insta á Xunta á dotación de Lalín cunha nova ambulancia de SVA.

O Presidente da Xunta anunciou no Parlamento que haberá unha nova ambulancia en Lalín, pero esta trátase dun vehículo de apoio.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Vai a Xunta ter en conta a petición unánime do Pleno da Corporación Municipal de Lalín e dotar este concello cunha nova ambulancia de Soporte Vital Avanzado?



- Que procedementos de investigación interna se activaron e que resultados se obtiveron en relación á morte dunha persoa en Dozón, agardando por unha ambulancia?
- Considera suficiente a Xunta a dotación de emerxencias da comarca do Deza?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/11/2019 10:31:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao informe do Consello da Cultura Galega a respecto da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galiza.

Recentemente, o Consello da Cultura Galega fixo público o informe sobre a Lei de rehabilitación, elaborado a pedimento do Comité Español do ICOMOS, logo de que a Xunta de Galiza vetase a participación do Consello na tramitación da Lei. Este veto produciuse tanto no trámite previo á tramitación parlamentaria como na fase de estudo do proxecto de lei na ponencia, na que o PP impediu a participación do Consello da Cultura Galega no trámite de audiencia previsto no regulamento e solicitado pola oposición.

Unha vez aprobada a lei, foi o ICOMOS (organización internacional de defensa do patrimonio asociada á UNESCO) quen no mes de xullo solicitou o informe do Consello relativo a aspectos patrimoniais que toca a LRRRU xa que dende o ICOMOS detectaron que “hai unha serie de artigos que van máis aló do contido na lei estatal, no referente ás actuacións en núcleos históricos e edificios catalogados”. Segundo a comunicación do ICOMOS ao Consello, “estes artigos poñen en risco a conservación dos valores patrimoniais destes núcleos e conxuntos como, por exemplo, o da cidade histórica de Santiago de Compostela da lista do Patrimonio da Humanidade”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O informe do CCG, que foi trasladado á Presidencia da Xunta e ao ICOMOS, pon de relevo que a lei de rehabilitación modifica o réxime de protección do patrimonio cultural de Galicia, agás os bens inmobles declarados individualmente como Bens de Interese Cultural e os bens catalogados que teñan protección integral. A modificación introducida pola LRRRU afecta segundo o CCG á inmensa maioría dos bens que forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e á totalidade dos bens declarados de interese cultural de natureza territorial: conxuntos históricos, territorios históricos, lugares de valor etnolóxico, vías culturais e paisaxes culturais.

O informe da Comisión de Patrimonio do CCG é contundente e demoledor en relación coa desprotección do patrimonio cultural e sinala as contradicións entre a Lei de rehabilitación, por un lado, e outras normas como a Lei de patrimonio cultural de Galicia e a Lei do solo, ambas do ano 2016, por outro.

Entre os aspectos máis negativos da norma, o CCG sinala os seguintes:

- a exclusión do criterio de mantemento da trama urbana, das aliñacións e das rasantes existentes nos conxuntos históricos;
- a utilización conxunta de portais e dos núcleos de comunicación vertical,
- a regularización e o agregado de parcelas,
- a unión de locais de negocio nas plantas baixas de varias edificacións,
- permisividade á hora de baleirar os interiores dos edificios.

Segundo sinala o informe na páxina 33, “A aplicación da nova LRRRU nas presentes circunstancias (...) daría lugar a unha situación moi negativa que podería





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afectar á protección do noso patrimonio, claramente defendido pola lei de patrimonio cultural de Galicia vixente”.

Neste sentido, considera o CCG que “a lei de RRRU non debería contradicir ningún dos principios que aparecen establecidos nas leis estatal e galega aprobadas *ex professo* para a defensa e protección do patrimonio cultural”.

O CCG tamén alerta sobre as consecuencias da non aprobación do Catálogo rigoroso, completo e eficaz para a protección do Patrimonio Cultural de Galicia e sobre a aplicación, neste contexto, das normas de aplicación directa previstas na Lei de rehabilitación xa que “poñen en risco de desaparición non só elementos dos edificios de singular valor senón tamén moitos inmobles, simplemente polas carencias e insuficiencias do documento que as cataloga”.

O informe finaliza cunha afirmación extraordinariamente preocupante ao sinalar que o establecemento na LRRR dunhas normas de aplicación directa sen que exista a garantía dese catálogo “pon en risco de perda, destrución ou deterioración moitos dos bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia”.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que o goberno galego excluíu o Consello da Cultura Galega da tramitación da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galiza?

Como valora a Xunta de Galiza o contundente informe do CCG contrario a diversos aspectos da citada Lei?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta a condición do CCG de órgano consultivo e asesor da Xunta para as cuestións relacionadas coa protección do patrimonio cultural que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para deixar sen efecto os artigos da Lei de rehabilitación cuestionados polo informe do CCG?

Como valora a Xunta de Galiza a intervención do ICOMOS neste asunto?

Considera o goberno galego que a aplicación da lei de rehabilitación pode poñer en perigo a inclusión de conxuntos históricos galegos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2019 13:15:57

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2019 13:16:04

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2019 13:16:12

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2019 13:16:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/11/2019 13:16:27

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2019 13:16:34



Á Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Jackeline E. Fernández Macías, Daniel Vega Pérez, Aurelio Núñez Centeno e Diego Calvo Pouso, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A finais do ano 2016, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde da Consellería do Medio Rural pola que se adoptaba a decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia.

Finalizado o prazo establecido na lexislación comunitaria para a presentación de alegacións, ningunha persoa física ou xurídica presentou solicitude de oposición polo que a tramitación da modificación do rexistro seguiu adiante ante o Goberno central e a Comisión Europea.

A IXP Pataca de Galicia, promotores desta modificación buscan, entre outras cuestións, incorporar a este distintivo de calidade ás variedades Agria e Fina de Carballo o que permitirá, segundo as súas estimacións, triplicar a produción acollida a esta indicación xeográfica protexida, así como ampliar a zona xeográfica de produción a toda a Comunidade autónoma co consecuente beneficio para os produtores.

Baixo estas premisas o Goberno Galego debe continuar apostando polos produtos galegos de calidade diferenciada, apoiando a produción, comercialización e iniciativas de impulso como a que afecta á IXP Patacas de Galicia.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que trámites quedan pendentes para a modificación definitiva do prego de condicións da Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia?
- 2.- Cales son as principais novidades das modificacións que se pretenden incluír na IXP Pataca de Galicia?



3.- En que medida afectará á IXP a inclusión das variedades Agria e Fina de Carballo?

Santiago de Compostela, 8 de novembro 2019

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 08/11/2019 13:26:01

Raquel Arias Rodríguez na data 08/11/2019 13:26:18

Rosa Oubiña Solla na data 08/11/2019 13:26:39

Moisés Blanco Paradelo na data 08/11/2019 13:26:49

Jesús Miguel Prado Patiño na data 08/11/2019 13:27:05

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 08/11/2019 13:27:19

Daniel Vega Pérez na data 08/11/2019 13:27:29

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/11/2019 13:27:43

Diego Calvo Pouso na data 08/11/2019 13:28:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Jackeline E. Fernández Macías e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Galicia conta coa denominación de orixe Pataca de Galicia, que representa e regula o estándar de calidade e a excelencia da variedade kennebec que se produce na nosa Comunidade Autónoma, estando amparada a súa produción pola Indicación Xeográfica Protexida (IXP).

A Comarca da Limia, na provincia de Ourense, é onde radica a maior produción, cun 85%, da Pataca Galega de Calidade, amparada pola IXP.

Vimos de pasar un ano marcado polas condicións climatolóxicas adversas, realizándose a sementación meses despois do habitual debido ás inundacións que sufriron algunhas fincas durante a primavera e como consecuencia da recollida tardía do tubérculo.

Na actualidade, os datos que se están obtendo na campaña 2019, indican que a superficie sementada de pataca con selo da IXP experimentou un notable incremento subindo ata as 300 hectáreas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal foi a cantidade de pataca, amparada pola Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia, recollida na campaña 2019?
- 2.- Cal foi a evolución e os rendementos da IXP respecto das colleitas e a comercialización dos últimos anos?
- 3.- Como valora o Goberno galego o incremento de superficie sementada de Pataca de Galicia?
- 4.- Que apoios desenvolve o goberno galego na súa aposta polo impulso deste e doutros produtos de calidade diferenciada?



Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 08/11/2019 13:28:49

Rosa Oubiña Solla na data 08/11/2019 13:29:03

Moisés Blanco Paradelo na data 08/11/2019 13:29:13

Jesús Miguel Prado Patiño na data 08/11/2019 13:29:34

Raquel Arias Rodríguez na data 08/11/2019 13:29:44

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 08/11/2019 13:29:58

Daniel Vega Pérez na data 08/11/2019 13:30:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

Como levamos denunciando nesta Cámara dende hai moito tempo, a falla de políticas públicas que garantan o dereito á vivenda ten consecuencias dramáticas para a cidadanía galega. Levamos anos demandando a creación dun parque público de vivenda, mais, ante os 14000 demandantes de vivenda de protección oficial rexistrados nestes momentos en Galicia, o Goberno presidido polo señor Feijóo responde coa paralización da construción de vivenda de protección e promoción pública.

Ante un dereito, o de dispoñer dunha vivenda digna, o Goberno galego responde coa inacción, coa parálise e co maltrato continuado á cidadanía galega. E isto ten terribles consecuencias na vida das persoas. Consecuencias que teñen rostro, que teñen nomes e tralas que se atopa a dor, o sufrimento e a desprotección. Como é o caso dunha familia en Vigo que, de non atopar alternativa habitacional nos próximos días, será de seguro desaloxada do seu fogar a próxima semana.

Unha familia de catro persoas, con dúas fillas de sete e trece anos, perceptoras da RISGA e que serán botadas á rúa pola falta de vivenda de protección que garanta unha alternativa habitacional. Porque en Galicia se os ingresos dunha familia non son suficientes, están destinadas á exclusión e á pobreza crónica.

Porque a Xunta de Galicia non é quen de garantir unha alternativa a esta familia



no concello de Vigo, porque a Xunta de Galicia non é quen de traballar pola cidadanía galega e facer que toda a vivenda baleira en mans da banca sexan destinadas ás familias que realmente o precisan. Porque a resposta da Xunta de Galicia é separar a esta familia do seu entorno e enviala a máis de 100 kms de distancia.

Por outra banda, tampouco dende a administración local son quen de dar unha resposta válida a esta familia.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que pensa facer o Goberno da Xunta de Galicia ante situacións como a que se describe, onde familias de perfís de máxima vulnerabilidade, recoñecidas pola propia Xunta de Galicia, sendo receptoras da RISGA, corren risco de ser desafiuzadas dos seus fogares?
2. Cal é a política de vivenda da Xunta de Galicia na cidade de Vigo, para evitar a situación sistemática e reiterada de desaloxos sen alternativa habitacional, que se produce nesta cidade?
3. Pensa o Goberno galego que as políticas de vivenda pública que desenvolve son suficientes para garantir o dereito a unha vivenda digna?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 08/11/2019 14:19:26

Marcos Cal Ogando na data 08/11/2019 14:19:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**.

O CEIP de Cervo foi un dos máis afectados polo atraso na execución das obras de mellora do centro, impulsadas pola Consellería de Educación. De feito, as clases non se iniciaron na data de apertura do curso escolar, a pesares de que a Consellería asegurara que as obras estaban rematadas e as instalacións listas.

Nunha data tan tardía do inicio de curso como o 6 de novembro as obras continúan, vinte días logo da data de finalización prevista.

A ANPA denuncia que a nova caldeira de pellets aínda non funciona, polo que houbo que botar man de gasóleo para o funcionamento do sistema antigo.

Asemade, hai filtracións de auga nalgunhas aulas, como sinala a ANPA, “a través das fiestras recién instaladas, pero non rematadas, formando **charqueiras**”, ademais de “**goteiras**” noutros locais como vestiarios e aseos.

A ANPA critica que contactou coa Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento da Consellería de Educación, pero que non obtivo resposta a estas alertas.

Por outra parte, a cociña continúa sen extractor.

Asemade, a maioría de obras realízase en horas lectivas, co cal o ruído impide o desenvolvemento normal das clases.



Estas obras foron licitadas o 16 de maio de 2019 e iniciadas a mediados de xullo, con prazo de execución de tres meses. As actuacións contempladas na rehabilitación integral do CEIP de Cervo, cun orzamento de 1.057.127,70 euros, inclúen medidas para mellorar a súa eficiencia enerxética (que inclúen a nova caldeira de biomasa).

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben preguntan á Xunta de Galicia:

- Por que non admite as eivas e atrasos nas obras do CEIP de Cervo?
- Vai atender as demandas da ANPA do CEIP de Cervo?
- En que data van estar correctamente finalizadas as obras do CEIP de Cervo e a caldeira nova en funcionamento?
- A que se debe o atraso na realización das obras do CEIP de Cervo?
- Non considera que a comunidade educativa do CEIP de Cervo merece desculpas por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:





Paula Vázquez Veroa na data 11/11/2019 16:30:17

Luis Villares Naveira na data 11/11/2019 16:30:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

Durante o verán de 2019 fíxose patente a política da Xunta en relación á non substitución de baixas e permisos do persoal nos centros de atención directa de persoas maiores, unha situación estrutural que ten que ver coa falta de investimento en persoal, o que redundará nunha merma da calidade da atención.

Estando no remate da X^a Lexislatura, cómpre un balance global sobre a situación das residencias de maiores en Galiza, unha realidade de precariedade laboral, necesidades non cubertas e caída da calidade na atención sociosanitaria.

A rateo de prazas de residencias en relación ás persoas de máis de 65 anos é das máis baixas do Estado –3,05 prazas por cada 100 maiores de 65-, e moi inferior á rateo recomendada pola OMS (5%). Só para o mantemento da rateo de prazas actuais se precisaría unha incorporación anual de 237 prazas ao sistema, como sinalaba o Consello de Contas no seu informe de fiscalización sobre as residencias de maiores.

Galiza é a CA do Estado con maior porcentaxe de prazas privadas sobre o total de prazas en residencias públicas (67%), porcentaxe que, dende 2012, non fixo máis que aumentar. Como amosa o Consello de Contas, a modalidade de xestión máis utilizada nos últimos anos foi o concerto, prazas polas que a Xunta paga un 8% máis que se as xestionara de xeito directo.

Por outra parte, a falta de prazas públicas de xestión directa é máis grave no caso das persoas dependentes: a maioría destas están nas residencias propias da Xunta xestionadas externamente e, por outra parte, as prazas concertadas en centros privados son practicamente todas de persoas dependentes.



En 2016, segundo o RUEPSS, hai en Galiza 230 centros residenciais para maiores, 98 de iniciativa privada con ánimo de lucro, 82 de iniciativa social (entidades relixiosas, asociacións e fundacións) e 50 de iniciativa pública: 31 da Xunta, 7 de Consorcio e 13 dos Concellos.

Dos centros propios da Xunta, 19 dos 31 son xestionados de xeito directo, con 2179 prazas, e 12 mediante unha concesión, con 1.286 prazas. Dos xestionados de xeito directo, o 57,2% son prazas para persoas dependentes; dos centros propios con xestión externa, o 98,1% son prazas para persoas dependentes.

Os centros concertados eran 74 en 2016, supoñendo o 70% incluídos no sistema de atención á dependencia da Xunta, con 3.426 prazas, o 99,6% para persoas sen autonomía.

Así, a maioría das prazas residenciais para persoas dependentes (5.921) dos sistema están xestionadas de xeito indirecto en centros propios da Xunta (1.262) ou son concertadas (3.412): case o 58% das prazas de persoas dependentes son concertadas.

Nos Orzamentos da Xunta para 2018 o “Plan Coma na Casa” unicamente contou con 700.000 €, apenas o 1,5 % do total do proxecto. Asemade, para 2019 só se prevén 8 millóns de euros. É dicir: en 2019, a un ano do peche de legislatura, só estaban orzamentados 18,5% do total do plan de residencias nas sete cidades de Feijóo, momento no que se coñece a doazón da Fundación Amancio Ortega para estas residencias, por importe de 90 millóns de euros.

Como ten amosado o Consello de Contas, os Gobernos Feijóo teñen o récord de recortes no persoal de atención directa nos centros de maiores e a sistemática falta de cobertura das baixas médicas de curta duración ou a non cobertura íntegra de permisos e vacacións. O Consello de Contas cifrou o recorte en



persoal en 13 millóns de euros entre 2010 e 2012; e en 2015 o gasto de persoal aínda era un 7,1% menos que en 2010.

A situación estrutural nas residencias é de insuficiente persoal, co conseguinte sobreesforzo e carga de traballo que redundan en estrés laboral e nas maiores taxas de accidentabilidade laboral da Xunta, case a metade por sobreesforzo (en 2017, o 41% dos accidentes con baixa laboral na Xunta se deberon a esta causa), así como numerosas baixas por Incapacidade Temporal, moitas das cales teñen que ver co estrés do traballo a quendas ou con enfermidades características do traballo neste tipo de centros, como infeccións bacterianas ou trastornos muscoesqueléticos derivados do traballo postural, non recoñecidos polas Mutuas como accidente laboral. Hai residencias cun 20% do cadro de persoal de baixa (Oleiros, Santiago e Vigo).

Parte do problema está no mantemento da suspensión do artigo 19 do Vº Convenio único do persoal laboral da Xunta de Galiza, que regula o dereito ao descanso do persoal que traballa a quendas. Así, as carteleiras endurecéronse sen días adicionais de descanso para quen traballa a quendas (a pesar das negociacións e melloras nos últimos anos) e sen descansos por traballo en fins de semana e festivos.

Outra realidade estrutural é que o Decreto de rateos non se cumpre todas as xornadas (non sempre as substitucións, cando se fan, o son polo tempo total de ausencia) e ditas rateos non sempre se adecúan ao tipo de persoas usuarias. A tardanza nas valoracións da dependencia está detrás de que ingresen en centros persoas como autónomas que, en realidade, son dependentes, co cal as necesidades de persoal son maiores, pero, ata que non constan oficialmente como persoas con grao de Dependencia, non computan para aumentar a rateo de persoal.

Asemade hai que ter en conta o incremento da idade media do persoal e a falta de medios adecuados para facilitar o traballo físico, como mecanismos de mobilización das persoas usuarias ou suficientes baños adaptados (exemplo de grandes carencias: residencia de Campolongo en Pontevedra).



Non só o persoal de atención directa precisa un reforzo. Certamente, as categorías máis afectadas son enfermería, auxiliares e limpadoras, pero tamén falta persoal de ordenanza, de cociña ou de animación, sobre todo nos centros máis grandes.

Cómpre sinalar tamén a mestura de perfís en centros de maiores, con internamentos de pacientes psicoxeriátricos (sen ter unidades específicas) e persoas discapacitadas menores de 65 anos (pola falta de recursos específicos), o que aumenta a carga de traballo.

Así, é xeralizado o consumo de fármacos relacionados coa dor muscular entre o persoal das residencias.

O resultado é que falta persoal de enfermería e auxiliares nas listas de substitucións, porque prefiren traballar no SERGAS que nestes centros de Política Social. Isto está a ser xeralizado en todo o Estado, onde un estudo calcula só 0,06 enfermeiros/as por cama de residencia, cunha media de 109 pacientes por profesional, algo do que poden dar boa conta enfermeiras que traballan nas residencias galegas, sobre todo nas quendas de noite, nas que a carga é maior. Isto tamén provoca que se deriven tarefas propias da enfermeiría a auxiliares e xerocultoras.

Os recortes teñen consecuencias: sobrecarga do traballo significa que o persoal teña que priorizar tarefas e que as persoas usuarias estean peor atendidas.

Nos últimos anos, as listas de agarda para recurso residencial móvense entre as 1500 e 2000 persoas, con situación de especial carencia na provincia de Pontevedra.

1774 expedientes en agarda en 2016, cun tempo medio de trámite inicial ata ser recoñecido o dereito a praza de 453,5 días (ano e tres meses) e de 154,82 días de media ata o ingreso na residencia (máis de 5 meses): en total, case dous anos agardando unha praza, cando a normativa estipula que non debe pasar de 9 meses en total o tempo de espera (6 para asignación, 3 para o ingreso).



Asemade, teñen aumentado os expedientes de ingreso por emerxencia social, o que provoca –pola falta de prazas en residencias en todo o territorio– desprazamentos de persoas moi lonxe do seu lugar, ofertándose prazas en Monforte ou no Barco a persoas do Salnés ou de Vigo. A distribución de prazas residenciais públicas é moi desigual no territorio e non hai vontade de corraxir esta situación.

A atención residencial debe ser o último recurso, que debe vir precedido por unha política global de prevención e de servizos integrais de atención ás persoas maiores no entorno familiar e comunitario, pero isto tampouco existe, a Xunta móvese na precariedade dos servizos sociais.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:

- Cantas prazas de residencias públicas e cantas concertadas se incorporaron ao sistema cada ano dende 2012?
- Cal é o custe de cada praza de residencia concertada coa Administración no caso das destinadas a persoas con autonomía e das destinadas a persoas dependentes?
- Cantas prazas en residencias de maiores hai, na actualidade, de iniciativa pública de xestión directa, de iniciativa pública de xestión privada e concertadas en centros privados? Cal é a distribución destas prazas entre persoas con autonomía e dependentes?
- Cal foi a cantidade executada do “Plan Coma na Casa”?
- Cales son os datos actualizados da accidentabilidade laboral na Consellería de Política Social e os de incapacidades temporais? Cales son estes datos desagregados por centros?



- Cando se vai revogar a suspensión do artigo 19 do Vº Convenio único do persoal laboral da Xunta de Galiza?
- Que vai facer a Xunta ante a falta persoal de enfermería e auxiliares nas listas de substitucións para as residencias de maiores?
- Vai actualizar as rateos de persoal nas residencias de maiores?
- Vai convocar ofertas públicas de emprego axeitadas ás necesidades das residencias de maiores?
- Cal é a lista de agarda neste momento, por provincias, para residencias de maiores?
- Cal é o tempo medio de agarda, por provincias, para a obtención de praza nunha residencia?
- Cantos expedientes de emerxencia social para ingreso en residencia se tramitaron cada ano dende 2012?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/11/2019 19:17:15



A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Jackeline E. Fernández Macías, Carlos Gómez Salgado, Rosa Oubiña Solla e Miguel Prado Patiño, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O medio rural ocupa 4/5 partes do territorio galego, pero nel só vive o 25% da poboación, cando nos anos 50 esa porcentaxe era do 80%. Ademais, só o 15% das persoas ocupadas que residen no rural teñen como actividade principal a agricultura.

Esta perda do peso do rural leva aparellada un aumento da despoboación e o abandono de terras agrarias; de aí a importancia de traballar en políticas que impulsen este sector que, sen lugar a dúbidas, é un dos máis importantes que ten a nosa Comunidade e, por tanto, un dos piares económicos do país.

Por tanto, cremos necesario darlle prioridade ao emprendemento no rural, así como destinar esforzos a facelo rendible economicamente, apostando pola calidade e a diferenciación para revalorizar o seus produtos tanto agrícolas como gandeiros, así como a promoción das razas autóctonas.

Temos que ser competitivos e para iso temos que buscar a excelencia. Este será o camiño para revitalizar e consolidar o sector primario. Nesta necesidade, a Xunta de Galicia leva traballando incesantemente e para elo está a activar distintas medidas que revertan no beneficio do sector e dos produtores galegos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que actuacións impulsa o Goberno autonómico para a promoción de razas autóctonas gandeiras, e, dun xeito desagregado, para cada unha das especies?



2. Que medidas se están aplicar para a posta en valor dos produtos e derivados lácteos, así como para a transformación do leite co fin que o sector sexa máis competitivo?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 12/11/2019 12:11:35

Moisés Blanco Paradelo na data 12/11/2019 12:11:50

Raquel Arias Rodríguez na data 12/11/2019 12:12:07

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 12/11/2019 12:12:25

Carlos Gómez Salgado na data 12/11/2019 12:12:33

Rosa Oubiña Solla na data 12/11/2019 12:12:44

Jesús Miguel Prado Patiño na data 12/11/2019 12:12:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Jackeline E. Fernández Macías, Carlos Gómez Salgado, Rosa Oubiña Solla e Miguel Prado Patiño, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

As clásicas campañas de saneamento gandeiro transformáronse nunha pluralidade de programas de control, vixilancia e erradicación de enfermidades que poden afectar ás especies gandeiras con grave incidencia na súa capacidade produtiva, na libre comercialización dos animais, nas súas producións e cunha importante repercusión na saúde pública.

No marco desta actuación, a Xunta de Galicia tamén está a conceder axudas tanto para a indemnización do sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas destinados ao control, loita e erradicación de enfermidades, como para a reposición dos animais sacrificados ou o lucro cesante dos períodos de inactividade, no caso de baleiros sanitarios, sendo os beneficiarios propietarios de animais ou produtos que tiveron que ser sacrificados ou destruídos de forma obrigatoria.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que consisten as diferentes axudas que a Consellería do Medio Rural ten establecidas para cubrir os gastos dos animais sacrificados nos programas de control, vixilancia e erradicación de enfermidades animais, e que contías teñen?
2. As persoas gandeiras poden obter outros ingresos nestes sacrificios, ademais dos establecidos nas axudas da Administración?



Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 12/11/2019 12:14:06

Moisés Blanco Paradelo na data 12/11/2019 12:14:20

Raquel Arias Rodríguez na data 12/11/2019 12:14:44

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 12/11/2019 12:14:59

Carlos Gómez Salgado na data 12/11/2019 12:15:08

Rosa Oubiña Solla na data 12/11/2019 12:15:20

Jesús Miguel Prado Patiño na data 12/11/2019 12:15:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Jackeline E. Fernández Macías, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, establece os dereitos das persoas con necesidades de coidados paliativos en fase terminal.

O Conselleiro de Sanidade xa informou en sesión Plenaria sobre a realización dun estudo cualitativo con grupos de pacientes en coidados paliativos, familiares e persoal sanitario, para obter información de primeira man acerca das actitudes e percepcións que os diferentes grupos de interese puidesen ter sobre o Plan de Coidados Paliativos vixente.

Os pacientes que precisan de coidados paliativos son atendidos segundo a súas necesidades, tanto nas unidades de Paliativos, nos distintos servizos de Hospitalización, ou na Atención Primaria, con profesionais preparados para esa atención.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que grao de desenvolvemento ten a Lei de Garantía das Persoas Enfermas Terminais, e que resultados pode facilitar da aplicación da mesma?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019



Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/11/2019 12:17:06

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 12/11/2019 12:17:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/11/2019 12:17:41

María Ángeles Garcia Míguez na data 12/11/2019 12:18:00

Marta Rodriguez Arias na data 12/11/2019 12:18:15

María Soraya Salorio Porral na data 12/11/2019 12:18:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/11/2019 12:18:43

Raquel Arias Rodríguez na data 12/11/2019 12:19:04

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 12/11/2019 12:19:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**, relativa á exposición laboral á sílice cristalina.

A silicose é unha enfermidade crónica respiratoria moi incapacitante de orixe laboral relacionada coa exposición á inhalación de po de sílice cristalina. A enfermidade é recoñecida coma profesional e pode producir fibrose e insuficiencia respiratoria severa propiciando nos peores casos a necesidade de transplante pulmonar e danos cardíacos. Noutros casos á exposición á inhalación de esta substancia poder derivar nun cancro de pulmón.

A perigosidade da exposición ten propiciado normativas de carácter laboral que protexen aos traballadores e traballadoras establecendo límites para a exposición. No caso de España dito límite está marcado en 0,05 mg/m³.

Recentemente a Unión Europea ven de aprobar a Directiva 2017/2398 que modifica a Directiva de axentes canceríxenos e mutáxenos marcando límites para diversas substancias coa intención de que os Estados membros adopten alomenos estes cifras máximas de exposición.

Sen embargo no caso da sílice, a acrilamida e o bromoetileno os niveis actuais de



protección en España marcan cifras menores, sendo a protección maior para os traballadores e traballadoras.

Inexplicablemente o Goberno en funcións ten presentado un proxecto de Real Decreto na Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo que modifica eses límites, duplicándoos e deteriorando a prevención en materia de saúde laboral e significando un retroceso de dúas décadas de aprobarse.

Ante esta situación, preséntanse as seguintes Preguntas:

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia de esta posible modificación legislativa?
- 2.- Vaise dirixir a Xunta ao Goberno central para defender que non se modifiquen os limiares actuais?
- 3.- Cando ten pensado a Xunta elaborar un mapa de exposición a riscos laborais en Galicia?
- 4.- Ten pensado a Xunta ampliar os servizos de atención ás persoas con silicose e outras pneumoconioses tal e coma se lle ten reclamado en diversas ocasións?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/11/2019 13:05:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

O pasado venres 4 de novembro máis de 10.000 persoas mobilizábanse en Viveiro para esixir solucións de futuro para o complexo industrial de Alcoa en San Cibrao na que foi unha de moitas manifestacións para dar contestación á crecente a preocupación polo futuro desta industria.

Ás incertezas da industria do aluminio e electrointensiva que vivimos desde finais de 2018 engadíanse novas negativas respecto da parálise de varias das cubas no final do verán, cuestión preocupante e que recorda á situación previa de Coruña e Avilés. Así mesmo, recentemente tamén se coñecía que a multinacional anunciaba un plan de axuste mundial que contempla a posibilidade de peches, vendas e redución de produción. Aínda que a multinacional afirmou inicialmente que isto non afectaría a Galiza, cómpre estar en alerta.

Máis aínda, nestes momentos non se sabe sequera o prezo que terá a enerxía eléctrica para este tipo de empresa no mes de xaneiro de 2020, o que fai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as incertezas da interrompibilidade engadan preocupación sobre o sector, unha situación que urxe corraxir.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galiza diante da crise de Alcoa San Cibrao?

-Como valora o goberno galego a situación de Alcoa San Cibrao?

-E da industria galega por extensión?

-Tense reunido o goberno galego coa empresa para demandar a activación das cubas paralizadas? Ten intención de facelo?

-Que previsión ten a Xunta de Galiza respecto dos resultados que terá o prezo da enerxía para 2020?

-Como valora o goberno galego a evolución das negociacións pendentes co Estado en materia enerxética? Valora negativamente a falta de soberanía de Galiza ao respecto?

-Considera que está en vías de se resolver o problema da enerxía para a industria galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai defender o goberno galego a substitución do sistema de interrompibilidade?

-Ten avaliado o goberno galego o impacto desta situación na industria auxiliar da Mariña?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2019 17:49:15

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2019 17:49:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2019 17:49:30

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2019 17:49:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2019 17:49:46

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2019 17:49:54



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 4.^a**.

A Xunta de Galicia e as tres universidades galegas chegaron a un acordo no ano 2017: a incorporación de catorce novas titulacións de grao durante o trienio 2018-2020 e retirar a oferta de oito graos co consenso de todas as partes implicadas. Membros da **plataforma ProCampus**, integrada por sindicatos, persoal docente e representantes cidadáns, criticaban que as decisións dos sete campus galegos non eran equitativas, producíndose unha discriminación reiterada, dos últimos 30 anos, no campus de Ourense e afectando ao ámbito científico-tecnolóxico da potencialización de dito campus.

Durante este ano, os reitores das tres universidades acordaron unha revisión do conveniado no 2017 respecto á incorporación adicional de titulacións á Universidade da Coruña (UDC) e á Universidade de Santiago de Compostela (USC), deixando sen esclarecer que pasará na Universidade de Vigo. En xullo, anunciábase a **supresión do Dobre Grao de Informática e ADE**, estudos que o ano pasado alcanzaron a terceira nota de corte do campus. Ademais, **o grao de Turismo deixa de impartirse en exclusiva en Ourense**, sendo compartido coa UDC. Pola súa parte, o **Máster de Enxeñaría Aeronáutica**, que é de continuación natural do grao en Enxeñaría Aeroespacial que se imparte en exclusiva na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE) do campus de Ourense, **pretenden sexa instalado na Escola de Camiños da Coruña**.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O grao en Enxeñaría Aeroespacial habilita para exercer como enxeñeiro técnico ou perito aeronáutico, mentres que o máster en Enxeñaría Aeronáutica faíno para exercer como enxeñeiro superior aeronáutico. Polo que, parece lóxico, que o máster sexa a continuación do grao en Enxeñaría Aeroespacial que se imparte na EEAE do campus ourensá, completando así, a titulación en Ourense.

Na actualidade, é evidente que **os plans para Ourense redúcense basicamente a suprimir os seus estudos, mentres que nos campus da Coruña, Vigo, Santiago, Lugo, Pontevedra e Ferrol, implántanse máis dunha ducia de graos.**

Supresión do Dobre Grao de Informática e ADE

Antes do 30 de abril de cada ano, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional remítelle á Conferencia Xeral de Política Universitaria a oferta de prazas das titulacións do sistema universitario de Galicia para o curso académico que comeza en setembro. Así consta na ***Resolución do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do Sistema universitario de Galicia.***

Conforme á Instrución Primeira, a Secretaría Xeral de Universidades solicita a proposta de oferta de prazas de cada universidade para cada unha das súas titulacións de grao e máster co fin de proceder á súa análise e aprobación previa presentación na Conferencia Xeral de Política Universitaria. Así que, en marzo deste ano, o Consello de Goberno da UVigo remitiu á Xunta a proposta de oferta de 20 prazas para a dobre titulación. Esa **proposta foi modificada en abril pola Secretaría Xeral de Universidades (de 20 a 0).**

A Instrución Sexta, pola súa parte, contempla a redución do número de prazas ofertadas para unha titulación ante dous supostos: (1) que non se cubran as prazas



ofertadas ou (2) que a taxa de gradación sexa inferior ao 35% durante os últimos tres cursos. Ningunha destas dúas circunstancias concorren na titulación do dobre grao de ADE e Informática, pois viña cubrindo prazas cada ano (coa terceira nota de corte do campus) e o pasado mes de xuño graduouse a súa primeira promoción.

Como se citaba anteriormente, no mes de xullo, os medios de comunicación fanse eco da supresión do dobre grao de Informática e ADE. A decisión, tomada polo Secretario Xeral de Universidades, entra en contradición coa Resolución que recolle as instrucións do mes de abril pasado.

Segundo a Exposición de motivos da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, o ensino universitario é un servizo público, e o SUG é o seu provedor na nosa comunidade, a través das institucións que forman parte do mesmo. Partindo desta premisa, a lei reconece o papel das universidades como puntal da sociedade do coñecemento, institucións indispensables para lograr a cohesión económica e social, polo que a formación que ofrecen debe dar resposta ás necesidades relacionadas coa formación permanente, entendendo o estudo na universidade como un contínuum na vida das persoas, debendo atender a estas demandas e adaptarse ás novas necesidades sociais, de forma que contribúa a fortalecer a cohesión social e a reducir as desigualdades.

O artigo 7 da Lei, establece, nos seus apartados 4 e 5, o seguinte respecto ao *Equilibrio territorial e campus universitarios*:

A Xunta de Galicia fomentará o avance das universidades públicas cara a unha **organización territorial, tendente a unha maior especialización**, compatibilidade e calidade da docencia e investigación nos campus.

A Xunta de Galicia, dentro do ámbito das súas competencias, establecerá as accións e medidas necesarias para contribuír a **conseguir o equilibrio entre**



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

campus.

A maiores, o artigo 8 en relación aos *Criterios sobre a implantación de titulacións e centros*, no apartado 1 establece que:

A creación e localización de novas titulacións e centros e, en definitiva, a ordenación do SUG, seguirán unha programación que atenda á demanda universitaria e á dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios, axustándose aos seguintes criterios cuxa prelación, en caso de conflito, haberá de ser determinada motivadamente en cada caso concreto polo órgano competente para adoptar a decisión de que se trate: [...]

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes Preguntas:

- Como é posible que, en aplicación dun documento asinado polas tres universidades e a Consellería, que establece como unha das liñas prioritarias na planificación do SUG a implantación de novas titulacións en campus non centrais, se proceda a unha repartición mediante o cal os campus de Vigo, Coruña e Santiago incorporan novas titulacións ao mesmo tempo que o campus de Ourense é ignorado?
- Cales son os resultados das decisións tomadas recentemente respecto á posible modificación do acordado no 2017? Houbo representantes da Xunta nesta última xuntanza?
- Cales son os criterios para non respectar o tenor do artigo 7 e 8 que establece a Lei do sistema Universitario de Galicia así como os principios rectores da planificación do SUG?
- Que di o expediente de supresión da Simultaneidade en Informática e ADE, do



que se tivo noticia o pasado mes de xullo?

- É o dobre Grao en Informática e ADE competidor directo con algunhas das titulacións que quere impulsar a Universidade Privada de Abanca?
- De acordo ao documento dos principios reitores, a implantación dun grao novo (cun número de prazas dado) implica a retirada dun número equivalente de prazas nun grao do centro de implantación. É posible que o Grao en Relacións Internacionais se implante na Facultade de Dereito. Entón, reduciranse prazas dun grao tan demandado como Dereito para implantar Relacións Internacionais?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/11/2019 18:20:45

Luca Chao Pérez na data 12/11/2019 18:20:54



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Lei orgánica de igualdade 3/2007 e a súa homónima lei galega (Texto Refundido de 2016) non se cumpren no deporte galego.

Dende hai pouco tempo, é frecuente que os xornais (tamén os deportivos) dediquen parte do seu contido ao deporte practicado por mulleres, sobre todo porque moitos dos últimos “trofeos” veñen da man das deportistas. Non obstante, o mal chamado “deporte feminino” adoce dunha eiva de nacemento, resulta que non hai convenios colectivos sectoriais, polo que as relacións laborais se negocian club a club. O baloncesto galego tivo un convenio colectivo en 2007, mais rematou cando a patronal desapareceu. A única illa dentro desta situación está nun equipo de fútbol sala de Burela onde, en 2018, firmaron un acordo laboral pioneiro. Xa que logo, como sobreviven estas mulleres? Mediante salarios precarios e pagos en especie, como pisos de alugueiro, coches ou dietas. Porque a maioría destas deportistas non teñen contrato laboral e o seu deporte non é profesional, a pesares de que as fichen e lles paguen por facelo. Por outro lado, algunhas árbitras de balonmán aínda teñen limitado o dereito a arbitrar determinadas competicións masculinas e ademais están obrigadas a facer parellas fixas co cal, se unha das compoñentes quedase embarazada, a súa parella de arbitrase (masculina ou feminina) tampouco podería arbitrar o tempo que a primeira estea de baixa.

Este grupo parlamentario pensa que estas prácticas discriminatorias son contrarias ao artigo 14 da Constitución de 1978, que recoñece o dereito á non discriminación tamén por cuestións de sexo. Por iso afirmamos que a Lei orgánica de Igualdade 3/2007 e a súa homónima lei galega (Texto Refundido de 2016) non se cumpren no deporte galego.

Todas as administracións deportivas deberían poñer fin a estas discriminacións coas mulleres deportistas, en flagrante vulneración do dereito fundamental á non discriminación por razón de sexo.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno da galego de que, no deporte de mulleres en Galicia, hai discriminacións por razón de sexo?
2. Está a cumprir o Goberno a Lei orgánica de igualdade 3/2007 e a súa homónima lei galega (Texto Refundido de 2016)?
3. Cal é a opinión do Goberno sobre a folga das mulleres deportistas por non teren contrato laboral e non ser o seu deporte profesional?
4. Cal é a opinión do Goberno sobre que algunhas árbitras de balonmán aínda teñan limitado o dereito a arbitrar determinadas competicións masculinas?
5. Cal é a opinión do Goberno sobre que as árbitras de balonmán estean obrigadas a facer parellas fixas, polo que, ante o embarazo dunha delas, a súa parella de arbitrase tampouco pode arbitrar o tempo que a primeira estea de baixa?
6. Que ten pensado facer o Goberno para mudar esta situación?

Pazo do Parlamento, 07 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
María Teresa Porrirt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/11/2019 11:05:50

María Luisa Pierres López na data 13/11/2019 11:37:44

María Teresa Porrirt Lueiro na data 13/11/2019 11:37:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/11/2019 11:38:06

Julio Torrado Quintela na data 13/11/2019 11:38:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

Actualmente en Galicia as fundacións para a investigación sanitaria carecen dun marco de relación laborais no seu ámbito, polo que as traballadoras e traballadores destas fundacións, atópase actualmente co único amparo en canto a dereitos, nas leis básicas como o propio Estatuto dos Traballadores.

Levan un ano intentado negociar un convenio colectivo galego para as tres fundacións, no que se contemple o seu marco laboral respecto a retribucións, conciliación, permisos... Pero a Xunta de Galicia fai oídos xordos ante unha situación precaria na que se aplican discrecionalmente dereitos laborais que terían que estar contemplados por igual segundo o convenio, xa que non existe antigüidade ou categorías.

A aprobación do convenio é un mínimo legal para as profesionais que desenvolven a súa actividade nas fundacións, clarificar as categorías e establecer escalas de retribución mínima son cuestión básicas que non deberían estar en discusión para a Xunta de Galicia, que está a desenvolver un papel no que non establece propostas, pon liñas vermellas sen amparo documental ou contable e impide o diálogo fluído.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
PREGUNTA:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- 1.^a) Que interese ten o Goberno en manter sen convenio a este sector?
- 2.^a) Por que están a establecer liñas vermellas respecto a temas como a retribución si non existe documentación contable ou non se permite o acceso á mesma na negociación?
- 3.^a) Considera a Xunta de Galicia que son xustas estas condicións laborais para o persoal investigador?
- 4.^a) Por que non quere o Goberno que se asine un convenio conxunto para as tres fundacións?
- 5.^a) Cal é o salario básico que a Xunta de Galicia considera xusto para estas profesionais?
- 6.^a) Por que non se facilita toda a documentación ao comité de empresa?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/11/2019 12:00:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

A situación da pediatria na provincia de Ourense está baixo mínimos. Foron moitas as persoas que avisaron dende fai tempo da necesidade de poñer solución a un problema que solo podía agravarse.

O propio xefe de Servizo de pediatria do CHUO está a recoñecer que polo menos son aprazadas 1.200 consultas por sobrecarga de traballo. Os 23 facultativos que existen en pediatria non están todos operativos, pois as baixas ou excedencias non son cubertas.

O problema corresponde principalmente a unha falta de previsión e planificación na cobertura das e dos profesionais, porque a situación non colle por sorpresa a ninguén. Un exemplo da mala xestión é o que está a suceder coa pediatria no hospital de Verín, no que o único pediatra tivo que prorrogar ata tres veces a súa xubilación, véndose obrigado a facer ata 28 gardas ao mes, traballando tamén na Atención Primaria.

A Atención Primaria e os Hospitais comarcais como Verín ou o Barco son os servizos máis castigados, aínda que incluso a especialidade pediátrica no propio CHUO, sufriu unha redución nos seus servizos cando foi eliminada do mesmo a cirurxía pediátrica.

Esta situación provoca unha falta de calidade na asistencia sanitaria, concretamente na atención pediátrica da provincia de Ourense, pero tamén ocasiona unha situación de sobrecarga de traballo para as e os profesionais que



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

en algúns casos están tendo que acudir á xustiza que está condenando ao Sergas pola súa política laboral, marcada por unha alta precariedade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda pregunta:

- 1.^a) Cales son as listas de agarda en pediatria nos Hospitais de Ourense, Verín e O Barco?
- 2.^a) Que medidas vai a tomar o Goberno para garantir unha atención pediátrica de calidade na provincia de Ourense?
- 3.^a) Considera o Goberno que está levando a cabo unha política laboral axeitada no Sergas?
- 4.^a) Que medidas va a tomar para solucionar os problemas que se están denunciando tanto en asistencia sanitaria como en política laboral?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 13:07:25
Nº Rexistro: 58824
Data envío: 13/11/2019 13:07:25.458

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/11/2019 12:34:07

CSV: BOPGDSPG7VnIL9ES2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Rosa Oubiña Solla, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Moisés Rodríguez Pérez e Aurelio Nuñez Centeno, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de RTVG**.

A CRTVG, en cumprimento da Lei 9/2011, de 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, exerce unha continua e intensa labor de servizo público en canto a difusión, divulgación e emisión de contidos esenciais de interese xeral e que salvagardan a identidade da nosa comunidade, as súas tradicións, costumes e patrimonio, absolutamente indivisibles da realidade galega, ademais do compromiso da corporación co uso e promoción do galego como lingua propia de Galicia.

En canto ao patrimonio, tanto material como inmaterial, cabe destacar a especial atención que deben prestar os medios públicos á súa recuperación, mantemento e promoción a través dos distintos espazos da programación e outras iniciativas que leva a cabo a corporación.

Dende o Grupo Popular consideramos fundamental que os medios públicos poñan en antena contidos dedicados ao patrimonio na súa máis ampla definición, o que contribúe a poñer en valor toda a nosa riqueza histórico-artística, arquitectónica, etnográfica, cultural e tradicional.

Do mesmo xeito somos coñecedores de que a nosa cultura e o noso patrimonio ten presenza en toda a programación da CRTVG, dende os múltiples espazos culturais, os informativos, ou a ficción feita ou promovida pola corporación; pero tamén en programas e contidos centrados unicamente no noso patrimonio.

Tendo en conta a relevancia que ten a divulgación do patrimonio de Galicia a través dos medios públicos de comunicación audiovisual como referentes culturais e expoñentes da promoción da identidade e os valores da nosa comunidade, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión:

-Que balance fai a dirección da CRTVG dos espazos e outras iniciativas dedicadas á recuperación, mantemento e promoción do patrimonio galego?



Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 12/11/2019 19:06:22

María Antón Vilasánchez na data 12/11/2019 19:07:14

Rosa Oubiña Solla na data 12/11/2019 19:07:29

Jaime Castiñeira Broz na data 12/11/2019 19:07:41

María Guadalupe Murillo Solís na data 12/11/2019 19:07:59

Moisés Rodríguez Pérez na data 12/11/2019 19:08:33

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/11/2019 19:09:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Óscar Vilar Chento, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano e medio, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros (que aínda seguen), unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro de 2018.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia levamos tempo denunciando a manipulación informativa existente na CRTVG, en concreto dos telexornais. Durante a campaña electoral das eleccións xerais do 10 de novembro, mantívose a falla de obxectividade e de pluralismo político nos medios de comunicación públicos, tratábase ademais de que a CRTVG fixera seguidismo da estratexia da dereita de desmobilizar ao electorado de esquerdas. Boa mostra do cal foi que o plan de cobertura se publicara sen comentar antes cos partidos políticos, como era habitual; que a pegada de carteis se retransmitira pola TVG2, non pola canle principal; que o debate das eleccións volvera a ser, ao igual que nas do mes de abril, ás 10:00 da mañá, en horario laborable para a gran maioría das persoas que traballan, e na hora de buscar emprego para os que non o teñen; e que tampouco conectarán co debate cuxa sinal ofreceu á Academia, mentres outras canles autonómicas si o fixeron.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que non se comentou cos partidos políticos o plan de cobertura das eleccións do 10 de novembro?
2. Cales foron os motivos que levaron a retransmitir a tradicional pegada de carteis pola TVG-2?
3. Cal foi o índice de audiencia deste acto?



4. Por que decidiron non conectarse a sinal ofrecida pola “Academia de las Ciencias y las Artes de Televisión” para retransmitir o debate, que se celebrou o pasado luns 4 de novembro?
5. Por que se decidiu que o debate entre candidatos e candidatas galegas se celebrara un xoves ás 10:00 h?
6. Considera que esa hora é a máis axeitada para retransmitir un debate electoral?
7. Cal foi o índice de audiencia?
8. En próximas citas electorais, ten previsto a CRTVG manter os debates fóra do horario de máxima audiencia?

Pazo do Parlamento, 13 de novembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Óscar Vilar Chento

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/11/2019 09:53:13

Oscar Vilar Chento na data 14/11/2019 09:53:23



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Óscar Vilar Chento, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A caída das audiencias da TVG é xa unha realidade que leva camiño de consolidarse se non se actúa de maneira urxente. Durante estes últimos meses marcou mínimos históricos, con datos coma o 5.8 % de cota de pantalla o domingo 27 de outubro, (6,2 en prime time). Os malos datos non podemos atribuílos unicamente á competencia e aos novos formatos e xeitos de consumir produtos audiovisuais, senón que tamén debera facerse unha autocrítica dende a propia dirección da CRTVG, que nos permita saír desta situación, e afrontar o difícil futuro coas máximas garantías posibles.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia consideramos que a baixada da audiencia ten entre outras causas: a manipulación informativa, denunciada dende hai máis de ano e medio polo propio comité de empresa, polo colectivo Defende a Galega, e todos os grupos da oposición; o sensacionalismo excesivo en toda a grella da TVG, e por unha programación na que os galegos e galegas, non se ven reflexados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as razóns da caída de audiencia da Televisión de Galicia nos últimos meses?
2. A que cre que se debe?
3. Cre que ten algo que ver a programación na baixada da cota de audiencia?
4. Pensan tomar de xeito urxente algún tipo de medidas para afrontar esta crise de audiencias?
5. En caso afirmativo, en que consisten estas medidas?
6. De que xeito repercute esta baixada de audiencia na recadación publicitaria?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58869
Data envío: 14/11/2019 16:17:24.738

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/11/2019 16:13:29

Oscar Vilar Chento na data 14/11/2019 16:13:39

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG7VnIL9ES2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**, sobre o horario de emisión do debate electoral das eleccións xerais do 10 de novembro.

Máis unha vez a CRTVG decidiu emitir o debate electoral con motivo das eleccións ao Congreso e o Senado que tiveron lugar o 10 de novembro de 2019 en horario matinal. Desta volta, ás 10h da mañá na véspera da xornada de reflexión.

Ao contrario que as demais canles públicas (RTVE, EiTb e TV3) que optaron polo prime time, non sen críticas por se alongaren até a madrugada.

Tamén a Corporación dos medios públicos galegos foi criticada. Por parte do Bloque Nacionalista Galego mais non só, tanto o comité intercentros como o colectivo Defende a Galega denunciaron o horario escollido por non se axustar –de acordo ao disposto no Mandato Marco-- ao máis axustado á audiencia potencial.

Xa en anteriores ocasións –con motivo das Xerais do 28 de abril e as eleccións europeas-- desde o Grupo Parlamentar do BNG trouxemos á Comisión de control da CRTVG esta cuestión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, e cos datos ofrecidos pola propia Corporación a respecto das audiencias, non podemos senón reafirmarnos na posición que xa temos manifestado na Cámara e fóra dela. E é que a decisión de emitir un debate electoral en horario matinal, é dicir, fóra do horario máis acaído para o achegar ao seu público potencial - supón incumprir a misión de servizo público que ten, en orixe, a CRTVG. E dicímolo porque supón furtar ao conxunto da sociedade galega do dereito a contrastar proxectos, posicións e propostas políticas.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de Control da CRTVG:

- Cre a CRTVG que está a cumprir coa súa misión de servizo público nos procesos electorais?

- Cal foi a audiencia do debate ás 10h e cal a da programación do prime time correspondente con ese día?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2019 17:48:21

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2019 17:48:32

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2019 17:48:37

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2019 17:48:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2019 17:48:51

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2019 17:48:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, solicita que a proposición non de lei en comisión con número de rexistro **56935**, que foi cualificada pola Mesa para a Comisión 2ª, **sexa reasignada á Comisión 8ª**.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2019 10:08:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

Despois de case 9 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

O pasado mes de abril, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo.

A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o Parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
2ª:

Que medidas levou a cabo a Xunta de Galiza para o cumprimento do acordo
parlamentario do pasado mes de xuño de 2019, relativo ao depósito dos lodos
procedentes da dragaxe do río Lérez?

Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de darlle unha solución diferenciada
aos materiais areosos, susceptibles de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas
da ría, e os lodos que poidan conter elementos contaminantes ou prexudiciais para o
medio mariño?

Considerou a Xunta de Galiza a posibilidade de retirar e tratar en terra os lodos
da canle do río Lérez?

Mantivo contactos co goberno municipal de Pontevedra sobre a viabilidade
desta proposta?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2019 13:39:07

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2019 13:39:13

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2019 13:39:19

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2019 13:39:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2019 13:39:32

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2019 13:39:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao informe do Consello da Cultura Galega a respecto da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galiza.

Recentemente, o Consello da Cultura Galega fixo público o informe sobre a Lei de rehabilitación, elaborado a pedimento do Comité Español do ICOMOS, logo de que a Xunta de Galiza vetase a participación do Consello na tramitación da Lei. Este veto produciuse tanto no trámite previo á tramitación parlamentaria como na fase de estudo do proxecto de lei na ponencia, na que o PP impediu a participación do Consello da Cultura Galega no trámite de audiencia previsto no regulamento e solicitado pola oposición.

Unha vez aprobada a lei, foi o ICOMOS (organización internacional de defensa do patrimonio asociada á UNESCO) quen no mes de xullo solicitou o informe do Consello relativo a aspectos patrimoniais que toca a LRRRU xa que dende o ICOMOS detectaron que “hai unha serie de artigos que van máis aló do contido na lei estatal, no referente ás actuacións en núcleos históricos e edificios catalogados”. Segundo a comunicación do ICOMOS ao Consello, “estes artigos poñen en risco a conservación dos valores patrimoniais destes núcleos e conxuntos como, por exemplo, o da cidade histórica de Santiago de Compostela da lista do Patrimonio da Humanidade”.



O informe do CCG, que foi trasladado á Presidencia da Xunta e ao ICOMOS, pon de relevo que a lei de rehabilitación modifica o réxime de protección do patrimonio cultural de Galicia, agás os bens inmoables declarados individualmente como Bens de Interese Cultural e os bens catalogados que teñan protección integral. A modificación introducida pola LRRRU afecta segundo o CCG á inmensa maioría dos bens que forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e á totalidade dos bens declarados de interese cultural de natureza territorial: conxuntos históricos, territorios históricos, lugares de valor etnolóxico, vías culturais e paisaxes culturais.

O informe da Comisión de Patrimonio do CCG é contundente e demoledor en relación coa desprotección do patrimonio cultural e sinala as contradicións entre a Lei de rehabilitación, por un lado, e outras normas como a Lei de patrimonio cultural de Galicia e a Lei do solo, ambas do ano 2016, por outro.

Entre os aspectos máis negativos da norma, o CCG sinala os seguintes:

- a exclusión do criterio de mantemento da trama urbana, das aliñacións e das rasantes existentes nos conxuntos históricos;
- a utilización conxunta de portais e dos núcleos de comunicación vertical,
- a regularización e o agregado de parcelas,
- a unión de locais de negocio nas plantas baixas de varias edificacións,
- permisividade á hora de baleirar os interiores dos edificios.

Segundo sinala o informe na páxina 33, “A aplicación da nova LRRRU nas presentes circunstancias (...) daría lugar a unha situación moi negativa que podería





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afectar á protección do noso patrimonio, claramente defendido pola lei de patrimonio cultural de Galicia vixente”.

Neste sentido, considera o CCG que “a lei de RRRU non debería contradicir ningún dos principios que aparecen establecidos nas leis estatal e galega aprobadas *ex professo* para a defensa e protección do patrimonio cultural”.

O CCG tamén alerta sobre as consecuencias da non aprobación do Catálogo rigoroso, completo e eficaz para a protección do Patrimonio Cultural de Galicia e sobre a aplicación, neste contexto, das normas de aplicación directa previstas na Lei de rehabilitación xa que “poñen en risco de desaparición non só elementos dos edificios de singular valor senón tamén moitos inmobles, simplemente polas carencias e insuficiencias do documento que as cataloga”.

O informe finaliza cunha afirmación extraordinariamente preocupante ao sinalar que o establecemento na LRRR dunhas normas de aplicación directa sen que exista a garantía dese catálogo “pon en risco de perda, destrución ou deterioración moitos dos bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia”.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que o goberno galego excluíu o Consello da Cultura Galega da tramitación da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galiza?

Como valora a Xunta de Galiza o contundente informe do CCG contrario a diversos aspectos da citada Lei?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta a condición do CCG de órgano consultivo e asesor da Xunta para as cuestións relacionadas coa protección do patrimonio cultural que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para deixar sen efecto os artigos da Lei de rehabilitación cuestionados polo informe do CCG?

Como valora a Xunta de Galiza a intervención do ICOMOS neste asunto?

Considera o goberno galego que a aplicación da lei de rehabilitación pode poñer en perigo a inclusión de conxuntos históricos galegos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2019 13:17:15

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2019 13:17:22

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2019 13:17:29

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2019 13:17:36

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/11/2019 13:18:21

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2019 13:18:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á exposición laboral á sílice cristalina.

A silicose é unha enfermidade crónica respiratoria moi incapacitante de orixe laboral relacionada coa exposición á inhalación de po de sílice cristalina. A enfermidade é recoñecida coma profesional e pode producir fibrose e insuficiencia respiratoria severa propiciando nos peores casos a necesidade de transplante pulmonar e danos cardíacos. Noutros casos á exposición á inhalación de esta substancia poder derivar nun cancro de pulmón.

A perigosidade da exposición ten propiciado normativas de carácter laboral que protexen aos traballadores e traballadoras establecendo límites para a exposición. No caso de España dito límite está marcado en 0,05 mg/m³.

Recentemente a Unión Europea ven de aprobar a Directiva 2017/2398 que modifica a Directiva de axentes canceríxenos e mutáxenos marcando límites para diversas substancias coa intención de que os Estados membros adopten alomenos estes cifras máximas de exposición.

Sen embargo no caso da sílice, a acrilamida e o bromoetileno os niveis actuais de



protección en España marcan cifras menores, sendo a protección maior para os traballadores e traballadoras.

Inexplicablemente o Goberno en funcións ten presentado un proxecto de Real Decreto na Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo que modifica eses límites, duplicándoos e deteriorando a prevención en materia de saúde laboral e significando un retroceso de dúas décadas de aprobarse.

Ante esta situación, preséntanse as seguintes Preguntas:

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia de esta posible modificación legislativa?
- 2.- Vaise dirixir a Xunta ao Goberno central para defender que non se modifiquen os limiares actuais?
- 3.- Cando ten pensado a Xunta elaborar un mapa de exposición a riscos laborais en Galicia?
- 4.- Ten pensado a Xunta ampliar os servizos de atención ás persoas con silicose e outras pneumoconioses tal e coma se lle ten reclamado en diversas ocasións?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/11/2019 13:05:01





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O pasado venres 4 de novembro máis de 10.000 persoas mobilizábanse en Viveiro para esixir solucións de futuro para o complexo industrial de Alcoa en San Cibrao na que foi unha de moitas manifestacións para dar contestación á crecente a preocupación polo futuro desta industria.

Ás incertezas da industria do aluminio e electrointensiva que vivimos desde finais de 2018 engadíanse novas negativas respecto da parálise de varias das cubas no final do verán, cuestión preocupante e que recorda á situación previa de Coruña e Avilés. Así mesmo, recentemente tamén se coñecía que a multinacional anunciaba un plan de axuste mundial que contempla a posibilidade de peches, vendas e redución de produción. Aínda que a multinacional afirmou inicialmente que isto non afectaría a Galiza, cómpre estar en alerta.

Máis aínda, nestes momentos non se sabe sequera o prezo que terá a enerxía eléctrica para este tipo de empresa no mes de xaneiro de 2020, o que fai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as incertezas da interrompibilidade engadan preocupación sobre o sector, unha situación que urxe corraxir.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galiza diante da crise de Alcoa San Cibrao?

-Como valora o goberno galego a situación de Alcoa San Cibrao?

-E da industria galega por extensión?

-Tense reunido o goberno galego coa empresa para demandar a activación das cubas paralizadas? Ten intención de facelo?

-Que previsión ten a Xunta de Galiza respecto dos resultados que terá o prezo da enerxía para 2020?

-Como valora o goberno galego a evolución das negociacións pendentes co Estado en materia enerxética? Valora negativamente a falta de soberanía de Galiza ao respecto?

-Considera que está en vías de se resolver o problema da enerxía para a industria galega?

-Vai defender o goberno galego a substitución do sistema de interrompibilidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten avaliado o goberno galego o impacto desta situación na industria auxiliar da Mariña?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2019 17:50:37

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2019 17:50:44

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2019 17:50:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2019 17:50:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2019 17:51:05

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2019 17:51:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Xunta de Galicia e as tres universidades galegas chegaron a un acordo no ano 2017: a incorporación de catorce novas titulacións de grao durante o trienio 2018-2020 e retirar a oferta de oito graos co consenso de todas as partes implicadas. Membros da **plataforma ProCampus**, integrada por sindicatos, persoal docente e representantes cidadáns, criticaban que as decisións dos sete campus galegos non eran equitativas, producíndose unha discriminación reiterada, dos últimos 30 anos, no campus de Ourense e afectando ao ámbito científico-tecnolóxico da potencialización de dito campus.

Durante este ano, os reitores das tres universidades acordaron unha revisión do conveniado no 2017 respecto á incorporación adicional de titulacións á Universidade da Coruña (UDC) e á Universidade de Santiago de Compostela (USC), deixando sen esclarecer que pasará na Universidade de Vigo. En xullo, anunciábase a **supresión do Dobre Grao de Informática e ADE**, estudos que o ano pasado alcanzaron a terceira nota de corte do campus. Ademais, **o grao de Turismo deixa de impartirse en exclusiva en Ourense**, sendo compartido coa UDC. Pola súa parte, o **Máster de Enxeñaría Aeronáutica**, que é de continuación natural do grao en Enxeñaría Aeroespacial que se imparte en exclusiva na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE) do campus



de Ourense, **pretenden sexa instalado na Escola de Camiños da Coruña.**

O grao en Enxeñaría Aeroespacial habilita para exercer como enxeñeiro técnico ou perito aeronáutico, mentres que o máster en Enxeñaría Aeronáutica faino para exercer como enxeñeiro superior aeronáutico. Polo que, parece lóxico, que o máster sexa a continuación do grao en Enxeñaría Aeroespacial que se imparte na EEAE do campus ourensá, completando así, a titulación en Ourense.

Na actualidade, é evidente que **os plans para Ourense redúcense basicamente a suprimir os seus estudos, mentres que nos campus da Coruña, Vigo, Santiago, Lugo, Pontevedra e Ferrol, implántanse máis dunha ducia de graos.**

Supresión do Dobre Grao de Informática e ADE

Antes do 30 de abril de cada ano, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional remítelle á Conferencia Xeral de Política Universitaria a oferta de prazas das titulacións do sistema universitario de Galicia para o curso académico que comeza en setembro. Así consta na *Resolución do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do Sistema universitario de Galicia.*

Conforme á Instrución Primeira, a Secretaría Xeral de Universidades solicita a proposta de oferta de prazas de cada universidade para cada unha das súas titulacións de grao e máster co fin de proceder á súa análise e aprobación previa presentación na Conferencia Xeral de Política Universitaria. Así que, en marzo deste ano, o Consello de Goberno da UVigo remitiu á Xunta a proposta de oferta de 20 prazas para a dobre titulación. Esa **proposta foi modificada en abril pola Secretaría Xeral de Universidades (de 20 a 0).**



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

A Instrución Sexta, pola súa parte, contempla a redución do número de prazas ofertadas para unha titulación ante dous supostos: (1) que non se cubran as prazas ofertadas ou (2) que a taxa de gradación sexa inferior ao 35% durante os últimos tres cursos. Ningunha destas dúas circunstancias concorren na titulación do dobre grao de ADE e Informática, pois viña cubrindo prazas cada ano (coa terceira nota de corte do campus) e o pasado mes de xuño graduouse a súa primeira promoción.

Como se citaba anteriormente, no mes de xullo, os medios de comunicación fanse eco da supresión do dobre grao de Informática e ADE. A decisión, tomada polo Secretario Xeral de Universidades, entra en contradición coa Resolución que recolle as instrucións do mes de abril pasado.

Segundo a Exposición de motivos da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, o ensino universitario é un servizo público, e o SUG é o seu provedor na nosa comunidade, a través das institucións que forman parte do mesmo. Partindo desta premisa, a lei recoñece o papel das universidades como puntal da sociedade do coñecemento, institucións indispensables para lograr a cohesión económica e social, polo que a formación que ofrecen debe dar resposta ás necesidades relacionadas coa formación permanente, entendendo o estudo na universidade como un contínuum na vida das persoas, debendo atender a estas demandas e adaptarse ás novas necesidades sociais, de forma que contribúa a fortalecer a cohesión social e a reducir as desigualdades.

O artigo 7 da Lei, establece, nos seus apartados 4 e 5, o seguinte respecto ao *Equilibrio territorial e campus universitarios*:

A Xunta de Galicia fomentará o avance das universidades públicas cara a unha **organización territorial, tendente a unha maior especialización**,



compactibilidade e calidade da docencia e investigación nos campus.

A Xunta de Galicia, dentro do ámbito das súas competencias, establecerá as accións e medidas necesarias para contribuír a **conseguir o equilibrio entre campus**.

A maiores, o artigo 8 en relación aos *Criterios sobre a implantación de titulacións e centros*, no apartado 1 establece que:

A **creación e localización de novas titulacións** e centros e, en definitiva, a ordenación do SUG, **seguirán unha programación que atenda á demanda universitaria e á dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios**, axustándose aos seguintes criterios cuxa prelación, en caso de conflito, haberá de ser determinada motivadamente en cada caso concreto polo órgano competente para adoptar a decisión de que se trate: [...]

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes Preguntas:

- Como é posible que, en aplicación dun documento asinado polas tres universidades e a Consellería, que establece como unha das liñas prioritarias na planificación do SUG a implantación de novas titulacións en campus non centrais, se proceda a unha repartición mediante o cal os campus de Vigo, Coruña e Santiago incorporan novas titulacións ao mesmo tempo que o campus de Ourense é ignorado?
- Cales son os resultados das decisións tomadas recentemente respecto á posible modificación do acordado no 2017? Houbo representantes da Xunta nesta última xuntanza?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Cales son os criterios para non respectar o tenor do artigo 7 e 8 que establece a Lei do sistema Universitario de Galicia así como os principios rectores da planificación do SUG?
- Que di o expediente de supresión da Simultaneidade en Informática e ADE, do que se tivo noticia o pasado mes de xullo?
- É o dobre Grao en Informática e ADE competidor directo con algunhas das titulacións que quere impulsar a Universidade Privada de Abanca?
- De acordo ao documento dos principios reitores, a implantación dun grao novo (cun número de prazas dado) implica a retirada dun número equivalente de prazas nun grao do centro de implantación. É posible que o Grao en Relacións Internacionais se implante na Facultade de Dereito. Entón, reduciranse prazas dun grao tan demandado como Dereito para implantar Relacións Internacionais?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/11/2019 18:02:28

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Luca Chao Pérez na data 12/11/2019 18:02:49

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

A Lei orgánica de igualdade 3/2007 e a súa homónima lei galega (Texto Refundido de 2016) non se cumpren no deporte galego.

Dende hai pouco tempo, é frecuente que os xornais (tamén os deportivos) dediquen parte do seu contido ao deporte practicado por mulleres, sobre todo porque moitos dos últimos “trofeos” veñen da man das deportistas. Non obstante, o mal chamado “deporte feminino” adoce dunha eiva de nacemento, resulta que non hai convenios colectivos sectoriais, polo que as relacións laborais se negocian club a club. O baloncesto galego tivo un convenio colectivo en 2007, mais rematou cando a patronal desapareceu. A única illa dentro desta situación está nun equipo de fútbol sala de Burela onde, en 2018, firmaron un acordo laboral pioneiro. Xa que logo, como sobreviven estas mulleres? Mediante salarios precarios e pagos en especie, como pisos de alugueiro, coches ou dietas. Porque a maioría destas deportistas non teñen contrato laboral e o seu deporte non é profesional, a pesares de que as fichen e lles paguen por facelo. Por outro lado, algunhas árbitras de balonmán aínda teñen limitado o dereito a arbitrar determinadas competicións masculinas e ademais están obrigadas a facer parellas fixas co cal, se unha das compoñentes quedase embarazada, a súa parella de arbitrase (masculina ou feminina) tampouco podería arbitrar o tempo que a primeira estea de baixa.

Este grupo parlamentario pensa que estas prácticas discriminatorias son contrarias ao artigo 14 da Constitución de 1978, que recoñece o dereito á non discriminación tamén por cuestións de sexo. Por iso afirmamos que a Lei orgánica de Igualdade 3/2007 e a súa homónima lei galega (Texto Refundido de 2016) non se cumpren no deporte galego.

Todas as administracións deportivas deberían poñer fin a estas discriminacións coas mulleres deportistas, en flagrante vulneración do dereito fundamental á non discriminación por razón de sexo.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente o Goberno da galego de que, no deporte de mulleres en Galicia, hai discriminacións por razón de sexo?
2. Está a cumprir o Goberno a Lei orgánica de igualdade 3/2007 e a súa homónima lei galega (Texto Refundido de 2016)?
3. Cal é a opinión do Goberno sobre a folga das mulleres deportistas por non teren contrato laboral e non ser o seu deporte profesional?
4. Cal é a opinión do Goberno sobre que algunhas árbitras de balonmán aínda teñan limitado o dereito a arbitrar determinadas competicións masculinas?
5. Cal é a opinión do Goberno sobre que as árbitras de balonmán estean obrigadas a facer parellas fixas, polo que, ante o embarazo dunha delas, a súa parella de arbitrase tampouco pode arbitrar o tempo que a primeira estea de baixa?
6. Que ten pensado facer o Goberno para mudar esta situación?

Pazo do Parlamento, 07 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/11/2019 11:02:50

María Luisa Pierres López na data 13/11/2019 11:02:59

María Teresa Porritt Lueiro na data 13/11/2019 11:05:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/11/2019 11:05:24

Julio Torrado Quintela na data 13/11/2019 11:05:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Actualmente en Galicia as fundacións para a investigación sanitaria carecen dun marco de relación laborais no seu ámbito, polo que as traballadoras e traballadores destas fundacións, atópanse actualmente co único amparo en canto a dereitos, nas leis básicas como o propio Estatuto dos Traballadores.

Levan un ano intentado negociar un convenio colectivo galego para as tres fundacións, no que se contemple o seu marco laboral respecto a retribucións, conciliación, permisos... Pero a Xunta de Galicia fai oídos xordos ante unha situación precaria na que se aplican discrecionalmente dereitos laborais que terían que estar contemplados por igual segundo o convenio, xa que non existe antigüidade ou categorías.

A aprobación do convenio é un mínimo legal para as profesionais que desenvolven a súa actividade nas fundacións, clarificar as categorías e establecer escalas de retribución mínima son cuestión básicas que non deberían estar en discusión para a Xunta de Galicia, que está a desenvolver un papel no que non establece propostas, pon liñas vermellas sen amparo documental ou contable e impide o diálogo fluído.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
PREGUNTA:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- 1.^a) Que interese ten o Goberno en manter sen convenio a este sector?
- 2.^a) Por que están a establecer liñas vermellas respecto a temas como a retribución si non existe documentación contable ou non se permite o acceso á mesma na negociación?
- 3.^a) Considera a Xunta de Galicia que son xustas estas condicións laborais para o persoal investigador?
- 4.^a) Por que non quere o Goberno que se asine un convenio conxunto para as tres fundacións?
- 5.^a) Cal é o salario básico que a Xunta de Galicia considera xusto para estas profesionais?
- 6.^a) Por que non se facilita toda a documentación ao comité de empresa?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/11/2019 12:00:25



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A situación da pediatría na provincia de Ourense está baixo mínimos. Foron moitas as persoas que avisaron dende fai tempo da necesidade de poñer solución a un problema que solo podía agravarse.

O propio xefe de Servizo de pediatría do CHUO está a recoñecer que polo menos son aprazadas 1.200 consultas por sobrecarga de traballo. Os 23 facultativos que existen en pediatría non están todos operativos, pois as baixas ou excedencias non son cubertas.

O problema corresponde principalmente a unha falta de previsión e planificación na cobertura das e dos profesionais, porque a situación non colle por sorpresa a ninguén. Un exemplo da mala xestión é o que está a suceder coa pediatría no hospital de Verín, no que o único pediatra tivo que prorrogar ata tres veces a súa xubilación, véndose obrigado a facer ata 28 gardas ao mes, traballando tamén na Atención Primaria.

A Atención Primaria e os Hospitais comarcais como Verín ou o Barco son os servizos máis castigados, aínda que incluso a especialidade pediátrica no propio CHUO, sufriu unha redución nos seus servizos cando foi eliminada do mesmo a cirurxía pediátrica.

Esta situación provoca unha falta de calidade na asistencia sanitaria, concretamente na atención pediátrica da provincia de Ourense, pero tamén ocasiona unha situación de sobrecarga de traballo para as e os profesionais que



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

en algúns casos están tendo que acudir á xustiza que está condenando ao Sergas pola súa política laboral, marcada por unha alta precariedade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda pregunta:

- 1.^a) Cales son as listas de agarda en pediatria nos Hospitais de Ourense, Verín e O Barco?
- 2.^a) Que medidas vai a tomar o Goberno para garantir unha atención pediátrica de calidade na provincia de Ourense?
- 3.^a) Considera o Goberno que está levando a cabo unha política laboral axeitada no Sergas?
- 4.^a) Que medidas va a tomar para solucionar os problemas que se están denunciando tanto en asistencia sanitaria como en política laboral?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 13:05:55
Nº Rexistro: 58823
Data envío: 13/11/2019 13:05:55.317

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/11/2019 12:34:27

CSV: BOPGDSPG7VnIL9ES2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Óscar Vilar Chento, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano e medio, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros (que aínda seguen), unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro de 2018.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia levamos tempo denunciando a manipulación informativa existente na CRTVG, en concreto dos telexornais. Durante a campaña electoral das eleccións xerais do 10 de novembro, mantívose a falla de obxectividade e de pluralismo político nos medios de comunicación públicos, tratábase ademais de que a CRTVG fixera seguidismo da estratexia da dereita de desmobilizar ao electorado de esquerdas. Boa mostra do cal foi que o plan de cobertura se publicara sen comentar antes cos partidos políticos, como era habitual; que a pegada de carteis se retransmitira pola TVG2, non pola canle principal; que o debate das eleccións volvera a ser, ao igual que nas do mes de abril, ás 10:00 da mañá, en horario laborable para a gran maioría das persoas que traballan, e na hora de buscar emprego para os que non o teñen; e que tampouco conectarán co debate cuxa sinal ofreceu á Academia, mentres outras canles autonómicas si o fixeron.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que non se comentou cos partidos políticos o plan de cobertura das eleccións do 10 de novembro?
2. Cales foron os motivos que levaron a retransmitir a tradicional pegada de carteis pola TVG-2?
3. Cal foi o índice de audiencia deste acto?
4. Por que decidiron non conectarse a sinal ofrecida pola “Academia de las



- Ciencias y las Artes de Televisión” para retransmitir o debate, que se celebrou o pasado luns 4 de novembro?
5. Por que se decidiu que o debate entre candidatos e candidatas galegas se celebrara un xoves ás 10:00 h?
 6. Considera que esa hora é a máis axeitada para retransmitir un debate electoral?
 7. Cal foi o índice de audiencia?
 8. En próximas citas electorais, ten previsto a CRTVG manter os debates fóra do horario de máxima audiencia?

Pazo do Parlamento, 13 de novembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Óscar Vilar Chento
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/11/2019 09:52:37

Oscar Vilar Chento na data 14/11/2019 09:52:46



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Óscar Vilar Chento, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A caída das audiencias da TVG é xa unha realidade que leva camiño de consolidarse se non se actúa de maneira urxente. Durante estes últimos meses marcou mínimos históricos, con datos coma o 5.8 % de cota de pantalla o domingo 27 de outubro, (6,2 en prime time). Os malos datos non podemos atribuílos unicamente á competencia e aos novos formatos e xeitos de consumir produtos audiovisuais, senón que tamén debera facerse unha autocrítica dende a propia dirección da CRTVG, que nos permita saír desta situación, e afrontar o difícil futuro coas máximas garantías posibles.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia consideramos que a baixada da audiencia ten entre outras causas: a manipulación informativa, denunciada dende hai máis de ano e medio polo propio comité de empresa, polo colectivo Defende a Galega, e todos os grupos da oposición; o sensacionalismo excesivo en toda a grella da TVG, e por unha programación na que os galegos e galegas, non se ven reflexados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as razóns da caída de audiencia da Televisión de Galicia nos últimos meses?
2. A que cre que se debe?
3. Cre que ten algo que ver a programación na baixada da cota de audiencia?
4. Pensan tomar de xeito urxente algún tipo de medidas para afrontar esta crise de audiencias?
5. En caso afirmativo, en que consisten estas medidas?
6. De que xeito repercute esta baixada de audiencia na recadación publicitaria?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58870
Data envío: 14/11/2019 16:17:37.817

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/11/2019 16:13:05

Oscar Vilar Chento na data 14/11/2019 16:13:14

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG7VnIL9ES2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **54938**, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os efectos en Galicia da crise climática”**, (publicada no BOPG número 529 do 12 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Este ano aprobouse a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e antes de que remate o ano aprobarase a Estratexia Galega de Economía Circular.

A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 identifica 34 liñas de actuación nos ámbitos da mitigación, adaptación, innovación e dimensión social para acadar a neutralidade climática de Galicia antes do ano 2050. Tamén se aprobou o Primeiro Plan Rexional Integrado de Clima e Enerxía 2019-2023, un documento de traballo único e consensado que identifica un total de 170 medidas co que mobilizaremos máis de 1.250 millóns de euros. Un traballo conxunto que se canalizará a través dunha Comisión Interdepartamental de coordinación no que están representados todos os departamentos da Xunta de Galicia con competencias relacionadas coa loita fronte ao cambio climático.

Algunhas destas medidas son: as axudas ao sector residencial para mellorar a eficiencia enerxética, o obxectivo desta medida é mellorar as condicións de illamento e eficiencia do parque de vivendas protexidas xa construídas mediante un plan integrado de axudas que o IGVS poñerá a disposición dos propietarios destes inmobles; o desenvolvemento da estratexia térmica, unha aposta polas enerxías renovables que consiste no desenvolvemento dun plan de incentivos para a instalación de caldeiras de fontes renovables; e por último, o fomento do uso de equipamentos en réxime asociativo no sector primario, co obxectivo de camiñar cara un sector primario máis eficiente hipocarbónico.

Con carácter xeral, un dos eixes da Estratexia galega é a posta en valor do sector primario e do noso medio natural como piares fundamentais para facer fronte ao cambio climático. Así, fai fincapé na capacidade do sector forestal para acadar o obxectivo da neutralidade climática, é dicir, compensar as



emisións de gases de efecto invernadoiro que non poden ser eliminadas coas absorcións que realiza o propio contorno, e na resiliencia do medio rural e do sector primario fronte ao cambio climático.

Por iso, o documento estratéxico recolle unha serie de liñas de actuación, como a liña 5: Converter o sector primario en hipocarbónico, a liña 7: Xestión sustentable do territorio para aumentar a absorción de CO₂, a 8: Mellorar a capacidade de absorción do sector forestal e fomentar os produtos madeireiros como depósitos de carbono e a liña 10: Posta en valor de outras reservas de carbono, que conlevan o desenvolvemento dunha importante batería de medidas, recollidas no Plan Rexional Integrado de Clima e Enerxía 2019-2023, que poñen en valor o medio rural galego.

Ademais de liñas específicas de adaptación ao cambio climático en relación con incendios forestais, como a 23: Optimizar a xestión forestal sustentable como ferramenta de adaptación ao cambio climático dos montes galegos, que inclúe, entre outras medidas, accións de defensa contra incendios en extinción e prevención directa e indirecta”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58796
Data envío: 13/11/2019 09:10:04.960

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/11/2019 9:10:01

CSV: BOPGDSPG7VnIL9ES2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55117**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á declaración do xabaril como unha praga en Galicia, así como as medidas levadas a cabo, no marco das reflectidas na estratexia nacional ao respecto aprobada en febreiro de 2019, para o censo e xestión da especie”**, (publicada no BOPG número 529 do 12 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 18 de outubro de 2019 polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias,, en resposta á pregunta oral 55115.

Na súa intervención o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias respondeu ás cuestións expostas sobre as previsións do Goberno galego referidas á declaración do xabaril como unha praga en Galicia, así como as medidas levadas a cabo, no marco das reflectidas na estratexia nacional ao respecto aprobada en febreiro de 2019, para o censo e xestión da especie.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2019-10-18?part=49124c4b-a622-4ab5-92b9-75932aef486e&start=4137>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58795
Data envío: 13/11/2019 09:09:56.897

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/11/2019 9:09:53

CSV: BOPGDSPG7VnIL9ES2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56182**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Jose Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego respecto dos continuos episodios de pestilencia ocasionados pola actividade de xestión de residuos que se vén desenvolvendo dende o ano 2003 nos terreos da antiga mina de Touro, así como o tipo de controis levados a cabo nos depósitos de tecnosolos feitos nas entulleiras da mina”**, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

A Planta de tratamento que Tratamentos Ecológicos del Noroeste SL que posúe no concello de Touro iniciou a súa actividade no ano 2004 e conta con Autorización Ambiental Integrada dende mediados do 2015 (do 8/07/2015) por motivo dun cambio lexislativo e non de modificación da instalación.

Durante o ano 2017, despois do inicio da tramitación para a reapertura da antiga mina de Touro (explotación da concesión San Rafael nº 2946) pola empresa Cobre San Rafael, SL empezaron a chegar denuncias, por olores e vertidos principalmente, e petición de información referentes á cantidade de tecnosolos depositados na mina e de consulta dos proxectos de autorización da AAI.

Como consecuencia da AAI outorgada, a instalación conta cun Plan de Vixilancia Ambiental que inclúe un plan de xestión de olores. Tras as denuncias recibidas realizáronse numerosas inspeccións por parte da administración e a empresa realizou, ao abeiro do devandito plan, distintas accións de mellora, entre as que destacan a implantación dun sistema de neutralización de cheiros consistente nun canón nebulizador de longo alcance e a implantación dun sistema de regas e aumento da superficie pavimentada da planta para evitar a xeración de po durante o tránsito dos vehículos.



En setembro de 2015 realizouse un estudo olfatométrico para analizar as emisións de compostos de olor na súa planta. A empresa realizou un estudo de olor en emisión mediante o cal se identificaron os principais puntos de emisión de olor. Posteriormente, realizouse un estudo de dispersión de compostos olorosos para comprobar a posible afección ao entorno e ao medio.

Como resultado determináronse as principais fontes e causas de olor e propuxéronse medidas correctoras e foron incluídos no plan de seguimento ambiental a necesidade de realización de estudos por olfatometría dinámica cada dous anos.

A empresa realiza un continuo seguimento e control das accións implantadas, corrixindo e/ou implantando novas e mellores técnicas dispoñibles (MTD) co obxectivo de mitigar e eliminar os olores.

No 2018 TEN presenta o novo estudo de olores e un informe de avaliación da efectividade de medidas implantadas con resultado favorable.

Nos depósitos de tecnosolos feitos nas entulleiras da vella mina leváronse a cabo todos os controis previstos na súa AAI e na norma técnica de aplicación de tecnosolos.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58794
Data envío: 13/11/2019 09:09:49.335

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/11/2019 9:09:32

CSV: BOPGDSPG7VnIL9ES2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2019 13:31:53
Nº Rexistro: 58568

Data envío: 07/11/2019 13:31:53.315

Data 07/11/2019 13:31

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56261**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as razóns da non publicación no portal de transparencia da Xunta de Galicia do convenio de colaboración asinado o 4 de xaneiro de 2019 entre o Instituto de Estudos do Territorio e o Concello de Cerdedo-Cotobade para o desenvolvemento dun proxecto piloto de pacto pola paisaxe, así como a xustificación do procedemento de concesión directa de case 685.000 para a rehabilitación de edificacións en zona susceptible de asolagamento”**, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

Este convenio xa está publicado na páxina de transparencia da Xunta de Galicia, podendo ser consultado no seguinte enlace:

<https://www.xunta.gal/consulta-convenios?accion=detalle&IDConvenio=134716>

Escóllese esta zona para levar a cabo o proxecto de pacto pola súa paisaxe, unhas das áreas de especial interese paisaxístico, o que redobra a importancia da súa sinatura, sendo este pacto conforme coas determinacións previstas na Lei 7/2008 do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que se están tramitando.

Ademais, tívose en conta o previsto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de modo que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto deste acordo é atender necesidades específicas no



Concello de Cerdedo-Cotobade, o único concello que solicitou ante o Instituto de Estudos do Territorio a celebración dun pacto pola paisaxe.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2019 13:31:53
Nº Rexistro: 58568
Data envío: 07/11/2019 13:31:53.315

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/11/2019 13:31:49

CSV: BOPGDSPG7VnIL9ES2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG7Vn1L9ES2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

